



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Lexicoloxía e Semántica do Español	Código	613G01035	
Titulación	Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuadrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Cordoba Rodriguez, Felix	Correo electrónico	felix.cordoba@udc.es	
Profesorado	Cordoba Rodriguez, Felix Perez Pascual, Jose Ignacio	Correo electrónico	felix.cordoba@udc.es jose.ignacio.perez.pascual@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo teórico e descritivo do léxico español. Análisis da estruturación do significado na lingua española.			



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Non se realizarán cambios.</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>Lecturas.</p> <p>Traballos tutelados</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>Actividades iniciais: Faranse mediante Moodle e Teams.</p> <p>Sesión maxistral: Substituiranse por sesións a través de Teams e apuntamentos autoexplicativos.</p> <p>Obradoiro: Realizarase mediante Moodle e Teams.</p> <p>Proba mixta: Realizarase a través de Moodle.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>Mediante correo electrónico e foro de Moodle. Ademais, en horas de titoría ou previo acordo, mediante chamada, videochamada ou chat en Teams.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>Proba mixta: Realizarase a través de Moodle na data establecida pola facultade.</p> <p>Obradoiro: Consistirá en actividades realizadas a través de Moodle co apoio de Teams.</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>Mantense as indicadas no apartado "Avaliación". A titorización do traballo e das actividades farase mediante Moodle ou Teams.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>Limitarase ao material dispoñible en liña e en Moodle.</p>
-----------------------------	--

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A3	Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.
A5	Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua española.
A10	Ter capacidade para avaliar criticamente o estilo dun texto e para formular propostas alternativas e correccións.



A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A12	Coñecer os principios teóricos básicos da tradución directa e inversa e ser capaz de poñelos en práctica.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
A19	Dominar a gramática da lingua española.
A20	Coñecer a situación sociolingüística da lingua española.
A21	Coñecer a variación lingüística da lingua española.
A22	Coñecer a evolución histórica externa e interna da lingua española.
A23	Ter coñecementos de terminoloxía e neoloxía.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B4	Ser capaz de comunicarse de maneira efectiva en calquera contorno.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/a e profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben afrontarse.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer as principais correntes de estudio dos ámbitos relacionados co léxico e a súa aplicación ao español.	A1 A2 A3 A11 A12 A15 A20 A21 A23	B1 B2 B3 B5 B7 B8 B10	C1 C6 C8
Coñecer os niveis léxico e semántico do español e telos en conta na análise e explicación de textos.	A1 A2 A19 A22	B3 B5 B6 B7	C6
Coñecer e saber identificar razoadamente as unidades léxicas do español e as relacións entre elas.	A1 A2 A3 A5 A10 A15	B1 B3 B5 B6 B7	C1
Coñecer e saber utilizar co máximo aproveitamento e de forma crítica os dicionarios do español.	A5	B1 B2 B3 B4	C1 C6

Contidos



Temas	Subtemas
1. O estudo do léxico	Disciplinas que estudan o léxico.
2. Semántica do español: unidades léxicas	A palabra
3. Semántica do español: estruturación do léxico	Campos léxicos Relacións léxicas
4. Lexicoloxía	Lexicoloxía sincrónica Lexicoloxía diacrónica
5. Lexicografía do español	Introdución á lexicografía Os dicionarios: construción e análise

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A5 B4 B5 C1	0.5	0	0.5
Sesión maxistral	A3 A21 A22 B5	21	30	51
Obradoiro	A1 A2 A10 A12 A15 A19 A20 B1 B2 B8 C6	21	30	51
Lecturas	A3 A11 A23 B3 B6 B7	0	10	10
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A5 A11 A15 A23 B1 B2 B3 B5 B6 B7 B10 C1 C8	0	14	14
Proba mixta	A1 A3 A5 A11 A15 A22 A23 B4 B5 B10 C1	2	20	22
Atención personalizada		1.5	0	1.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Exame dos coñecementos previos relacionados coa materia. Actividades para coñecer as competencias, intereses e motivacións do alumnado. Preténdese obter información relevante que permita articular unha docencia que favoreza a aprendizaxe eficaz e significativa.
Sesión maxistral	Exposición teórico-práctica. Agárdase que o alumnado se implique nestas sesións de forma participativa.
Obradoiro	Combinación de diversas metodoloxías e probas (exposicións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas etc.) a través das que o alumnado desenvolve tarefas sobre un tema específico co apoio e supervisión do profesor.
Lecturas	Lectura reflexiva e asimilación de diversos artigos ou capítulos de libros.
Traballos tutelados	Traballo monográfico sobre un tema relacionado coa materia. Será imprescindible o seguimento da súa preparación por parte do profesor.
Proba mixta	Exame final no que se amosarán os coñecementos e competencias adquiridos, tanto dende o punto de vista teórico como aplicado.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Traballos tutelados	As actividades dos obradoiros levarán consigo unha fase de preparación e seguimento que implica o uso das titorías.
Proba mixta	A atención personalizada faise especialmente necesaria nas actividades cuxa formulación ou desenvolvemento sexan diferentes para cada estudante, e en concreto o traballo tutelado.
Sesión maxistral	Enténdese que a avaliación forma parte do proceso de aprendizaxe e, polo tanto, recoméndase que se empreguen as titorías para revisar os exercicios, o traballo tutelado e o exame final.
Obradoiro	As titorías poderán ser presenciais ou realizarse mediante correo electrónico, os foros da plataforma Moodle ou Teams.
Lecturas	

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	A1 A2 A3 A5 A11 A15 A23 B1 B2 B3 B5 B6 B7 B10 C1 C8	Traballo monográfico sobre un tema relacionado coa materia. Avaliarase a orixinalidade, o rigor, o correcto e completo manexo das fontes, a axeitada estruturación, a corrección lingüística, a calidade e profundidade da análise e a relación coa bibliografía pertinente e cos contidos da materia.	35
Proba mixta	A1 A3 A5 A11 A15 A22 A23 B4 B5 B10 C1	Exame final na data oficial establecida pola Facultade no que se amosarán os coñecementos e competencias adquiridos, tanto dende o punto de vista teórico como aplicado. Poderá consistir no desenvolvemento de contidos, aplicación de coñecementos á análise de elementos léxicos ou textos, preguntas cortas, etc. Poderá incluír contidos das sesións maxistras, os obradoiros e as lecturas. Avaliarase o rigor, a exactitude, a axeitada estruturación, a corrección lingüística e a calidade e profundidade da análise.	30
Obradoiro	A1 A2 A10 A12 A15 A19 A20 B1 B2 B8 C6	Exercicios que se desenvolverán tanto nas aulas como fóra delas.	35

Observacións avaliación
<ul style="list-style-type: none"> - Para superar a materia, a cualificación mínima da proba mixta deberá ser de 4 puntos sobre 10. - Cualificarase como non presentado quen non se presente ao exame final oficial nin na primeira nin na segunda oportunidade, independentemente do número de actividades entregadas. - Na segunda edición de actas poderanse recuperar todos os instrumentos de avaliación coa mesma ponderación que na primeira edición. As actividades do obradoiro serán substituídas por tarefas que se publicarán na plataforma Moodle. As tarefas e o traballo tutelado entregaranse a data establecida para o exame oficial. - Os traballos ou actividades entregaranse a través da plataforma Moodle nos prazos fixados. O traballo tutelado entregarase antes do 11 de decembro. Deberase gardar unha copia de cada actividade ou do traballo en previsión de problemas na recepción. - As actividades, o traballo e o exame deben cumprir coas esixencias de corrección lingüística propias dos traballos académicos (ortografía, precisión léxica, rexistro formal etc.). - O plaxio, mesmo parcial, ou calquera outra falta de honradez académica darán lugar á descalificación automática da actividade ou da proba. As actividades e traballos poderán ser sometidas a unha revisión mediante aplicacións informáticas de detección de plaxio. Estas aplicacións poden recoñecer traballos presentados polo estudante noutras materias. - Na convocatoria adelantada emplearase os mesmos instrumentos de avaliación coa mesma ponderación. As actividades do obradoiro serán substituídas por tarefas que se publicarán na plataforma Moodle. - Alumnado con dispensa académica de asistencia a clases recoñecida: as tarefas do obradoiro serán substituídas por actividades. O alumnado afectado debe contactar co profesor. - Estudantes que precisen medidas de apoio á diversidade ou con modalidades específicas de aprendizaxe: aplicarase o mesmo sistema de avaliación, coas adaptacións e flexibilidade que requira cada caso. - Alumnado erasmus e de intercambio: recoméndase un nivel de español equivalente a B2 ou superior para cursar esta materia.



Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Caballero Rodríguez, M.ª del Rosario (2016). Lexicographic Tools: a coursebook . Cuenca: Univ. de Castilla-La Mancha &lt;https://elibro.net/es/lc/bibliotecaudc/titulos/57332&gt;; - Casas Gómez, Miguel (1999). Las relaciones léxicas. Tubinga: Max Niemeyer - Escandell Vidal, M. Victoria (2007). Apuntes de semántica léxica. Madrid: UNED &lt;https://elibro-net.accedys.udc.es/es/lc/bibliotecaudc/titulos/48522&gt;; - Lara, Luis Fernando (2006). Curso de lexicología. México: El Colegio de México - Lyons, John (1997). Semántica lingüística: Una introducción. Barcelona: Paidos - Medina Guerra, Antonia M. (coord.) (2003). Lexicografía española. Barcelona: Ariel &lt;https://elibro-net.accedys.udc.es/es/lc/bibliotecaudc/titulos/48327&gt;; - Miguel, Elena de (ed.) (2009). Panorama de la lexicología. Barcelona: Ariel - Otaola Olano, Concepción (2001). Lengua Española III. Semántica. Lexicología. Lexicografía. Madrid: UNED - Otaola Olano, Concepción (2003). Introducción a la lexicología de la lengua española. Madrid: UNED - Otaola Olano, Concepción (2004). Lexicología y semántica léxica teoría y aplicación a la lengua española. Madrid: Ediciones Académicas - Porto Dapena, José-Álvaro (2009). Lexicografía y metalexigrafía: Estudios, propuestas y comentarios. A Coruña: Universidade da Coruña <p>Materiais incluídos en Moodle.Materiais incluídos en Moodle.</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

ImportanteO nivel de esixencia desta materia require un dominio da lingua propio dun nativo ou similar a este, polo que os alumnos que non teñan o castelán como lingua de instalación, deberán ter recoñecido un nivel B2 nesta lingua.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías